

LIBRO DE SAÚDE DA EMBARAZADA  
LIBRO DE SALUD DE LA EMBARAZADA



XUNTA DE GALICIA

**Edita:**

Xunta de Galicia  
Consellería de Sanidade  
Servizo Galego de Saúde  
Dirección de Asistencia Sanitaria

**Lugar:** Santiago de Compostela

**Ano / Año:** 2012

Depósito legal C 556-2012

# LIBRO DE SAÚDE DA EMBARAZADA

## LIBRO DE SALUD DE LA EMBARAZADA

**Xunta de Galicia**  
**Consellería de Sanidade**  
**Servizo Galego de Saúde**  
**Dirección de Asistencia Sanitaria**  
**Santiago de Compostela**  
**2012**

Este proxecto foi financiado con cargo aos fondos para as estratexias 2012 do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade que foron aprobados no CISNS, como apoio á implementación da Estratexia de saúde sexual e Reprodutiva.

Este proyecto fue financiado con cargo a los fondos aportados a las estrategias de 2012 para el Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad que han sido aprobados en el CISNS, para apoyar la implementación de la Estrategia de salud sexual y Reprodutiva.

Este libro contén o rexistro dos datos sanitarios de interese para a saúde da embarazada e do seu futuro fillo ou filla.

Debe ser conservado con coidado e levalo sempre nos desprazamentos.

Os documentos relacionados coa saúde do embarazo deben gardarse xunto con este libro (informes médicos, análises...).

Non se incluírá ningún dato persoal que vostede non desexe.

A formalización deste documento facilitará a comunicación entre profesionais.

Este libro contiene el registro de los datos sanitarios de interés para la salud de la embarazada y de su futuro hijo o hija.

Debe ser conservado con cuidado y llevarlo siempre en los desplazamientos.

Los documentos relacionados con la salud del embarazo deben guardarse junto con este libro (informes médicos, análisis...).

No se incluirá ningún dato personal que usted no desee.

La cumplimentación de este documento facilitará la comunicación entre profesionales.

Este documento é importante para a súa titular.

Se o atopa extraviado envíeo ao seu enderezo.

Este documento es importante para su titular.

Si lo encuentra extraviado, envíelo a su dirección de correo.

DATOS DA EMBARAZADA  
DATOS DE LA EMBARAZADA

Nome:

Nombre:

Apelidos:

Apellidos:

Nº TIS:

Idade:

Edad:

Enderezo:

Dirección:

Teléfono:

País de orixe:

País de origen:

correo electrónico:

Profesión:

PERSOAL SANITARIO  
PERSONAL SANITARIO

Matrona:

Centro de saúde:

Centro de salud:

CIP:

Teléfono:

Médico de familia:

Centro de saúde:

Centro de salud:

CIP:

Teléfono:

Obstetra:

Centro sanitario:

CIP:

Teléfono:

Outros:

Otros:

Centro sanitario:

CIP:

Teléfono:

Hospital de referencia:

Teléfono:

## ANTECEDENTES FAMILIARES

En caso afirmativo, especificar.

I. Diabete:  sí  non  
I. Diabetes:  sí  no

II. Xestacións múltiples:  sí  non  
II. Gestaciones múltiples:  sí  no

III. Anomalías conxénitas:  sí  non  
III. Anomalías congénitas:  sí  no

IV. Outros:  sí  non  
IV. Otros:  sí  no

## DATOS DA PARELLA, DATOS DE LA PAREJA.

En caso afirmativo, especificar.

I. Anomalías conxénitas:  sí  non  
I. Anomalías congénitas:  sí  no

II. Enfermidade adquirida:  sí  non  
II. Enfermedad adquirida:  sí  no

III. Hábitos tóxicos:  sí  non  
III. Hábitos tóxicos:  sí  no

IV. Outros:  sí  non  
IV. Otros:  sí  no

Idade: \_\_\_\_\_ Profesión: \_\_\_\_\_  
Edad: \_\_\_\_\_ Profesión: \_\_\_\_\_

## ANOTACIÓNS

### NOTAS

**ANTECEDENTES PERSOAIS:** enfermidades anteriores ao actual embarazo.  
En caso afirmativo detallar.

**ANTECEDENTES PERSONALES:** enfermidades anteriores al actual embarazo.  
En caso afirmativo especificar.

I. Cardiopatías:  si  non  
no

II. Hipertensión:  si  non  
no

III. Diabete:  
III. Diabetes:  si  non  
no

IV. Infección urinaria:  si  non  
no

V. Afeccións respiratorias:  
V. Afecciones respiratorias:  
(TB pulmonar, asma, etc.):  si  non  
no

VI. Int. C non xinecolóxica:  
VI. Int. Q no ginecolóxica:  si  non  
no

VII. Patoloxía de tiroide:  
VII. Patología tiroidea:  si  non  
no

VIII. Patoloxía neurolóxica:  
VIII. Patología neurolóxica:  si  non  
no

IX. Patoloxía psiquiátrica:  
IX. Patología psiquiátrica:  si  non  
no

X. Transfusións:  
X. Transfusiones:  si  non  
no

XI. Alcohol:  si  non  
no

XII. Tabaco:  si  non  
no

XIII. Outras drogas:  
XIII. Otras drogas:  si  non  
no

XIV. Medicamentos habituais:  
XIV. Medicamentos habituales:  si  non  
no

XV. Outros:  
XV. Otros:  si  non  
no

Risco laboral actual:  
Riesgo laboral actual:  si  non  
no

## ANTECEDENTES XINECOLÓXICOS. ANTECEDENTES GINECOLÓXICOS.

En caso afirmativo, especificar.

Menarquía:	Fórmula menstrual:
Esterilidad:	<input type="checkbox"/> sí <input type="checkbox"/> non
Esterilidad:	<input type="checkbox"/> sí <input type="checkbox"/> non
Int. cirúrxica xinecolóxica:	<input type="checkbox"/> sí <input type="checkbox"/> non
Int. quirúrgica ginecolóxica:	<input type="checkbox"/> sí <input type="checkbox"/> non
Infección xenital:	<input type="checkbox"/> sí <input type="checkbox"/> non
Infección genital:	<input type="checkbox"/> sí <input type="checkbox"/> non
Anticoncepción previa:	<input type="checkbox"/> sí <input type="checkbox"/> non
Última citoloxía:	
Última citología:	
Outros datos de interese:	
Outros datos de interés:	

## ANTECEDENTES OBSTÉTRICOS

AÑO AÑO	TIPO PARTO/ ABORTO	PESO R.N.	SEXO	ESTADO ACTUAL R.N.	OBSERVACIÓN PUERPERIO	MESES LACTACIÓN MATERNA MESES LACTANCIA MATERNA

Outros datos de interese:

Outros datos de interés:



PROBAS DE LABORATORIO  
 PRUEBAS DE LABORATORIO


Data:	1°. TRIMESTRE	2°. TRIMESTRE	3°. TRIMESTRE
Fecha:	/ /	/ /	/ /
Hb/Hto:			
Coombs ind:			
Coagulación:			
Rubéola (IgG/IgM): Rubeola (IgG/IgM):			
Sífilis (VDRL - RPR):			
Hepatitis B (HBsAg): Hepatitis B (HBsAg):			
VIH:			
Urocultivo:			
Cultivo E.G.B.:			
Diabete xestacional: Diabetes gestacional:			
Outros: Otros:			

G ___ P ___ A ___ G ___		Alerxias/Intolerancias: Alergias/Intolerancias:			Tóxi
Idade: Edad:	Peso previo: IMC:	Talle: Talla:	Grupo/Rh:	Profilaxe Anti_D día Profilaxis Anti_D día	
Data última regra: Fecha última regla:			Data probable parto: Fecha probable parto:		DPP
Data: Fecha:					
Semanas + días:					
Altura feto uterina:					
Peso:					
Presión arterial:					
Edemas:					
Proteinuria:					
Estática fetal:					
Latexo fetal: Latido fetal:					
Movementsos fetais: Movimientos fetales:					
Signos e síntomas: Signos y síntomas:					
Risco obstétrico: Riesgo obstétrico:					
Tratamento: Tratamiento:					
Educación sanitaria individual:					
Solicitud de probas: Solicitud de pruebas:					
Incidencias:					
CIP/Sinatura: CIP/Firma:					

COS:	Patología de interese: Patología de interés:				
/lote:	Ttos. actuais:				
/lote:	Ttos. actuales:				
por ecografía:	Ioduro potásico (inicio/fin): Yoduro potásico (inicio/fin):			Ac. fólico (inicio/fin):	

Observacións:  
Observaciones:

OBSERVACIÓN:  
OBSERVACIONES:



## DIAGNÓSTICO PRENATAL

ECOGRAFÍA de 1º. Trimestre:

Data realización:  
Fecha realización:

CRIBADO CROMOSOMOPATÍAS de 1º. Trimestre:

Data realización:  
Fecha realización:

ECOGRAFÍA de 2º. Trimestre:

Data realización:  
Fecha realización:

CRIBADO CROMOSOMOPATÍAS de 2º. Trimestre:

Data realización:  
Fecha realización:

Outras:  
Otras:

Data realización:  
Fecha realización:

AMNIOCENTESE: (se se realizou)

AMNIOCENTESIS: (si se realizou)

EXAME ODONTOLÓXICO  
EXAMEN ODONTOLÓGICO

1ª. visita:

2ª. visita:

3ª. visita:

EDUCACIÓN MATERNAL. En caso afirmativo, especificar.

Participou nas sesións de educación maternal:  si  non n° sesións  
Participó en las sesiones de educación maternal:  sí  no n° sesiones -----

Centro onde as realizou:  
Centro donde las realizó:

Acudiu acompañada da parella:  a todas ou case todas  a algunha  a ningunha  
Acudió acompañada de la pareja:  a todas o casi todas  a alguna  a ninguna

## PREFERENCIAS SOBRE A LACTACIÓN PREFERENCIAS SOBRE LA LACTANCIA

Recibí información sobre lactación materna e técnica de aleitamento:  
Recibí información sobre lactancia materna y técnica de amamantamiento:

si  non  
 sí  no

Desexo aleitar o meu fillo/miña filla.   
Deseo amamantar a mi hijo/a.

Non quero que lle dean ningún suplemento sen antes consultarmos.   
No quiero que le den ningún suplemento sin antes consultármelo.

Non desexo lactación materna.   
No deseo lactancia materna.

## PARTO

Centro sanitario:

Día: Hora: Idade xestacional:  
Edad gestacional:

Inicio do parto: espontáneo  inducido (indicación)   
Inicio del parto:

Tipo de parto: eutócico  ventosa  fórceps  espátula  cesárea

Expulsión da placenta: espontánea  dirixido  extracción manual   
Alumbramiento: dirixido

incidencias: .....

Alivio da dor: bañeira/ducha  masaxes  pelota  TENS   
bañera/ducha  masajes

Analxesia: ox.nitroso  epidural/raquídea  xeral  local  outros:   
Analgésia: general  otros:

Episiotomía:  si  non  desgarro:  si  non  Grao: I  II  III  IV   
sí  no  sí  no  Grado:

Observacións:  
Observaciones:

## RECENEMENTE NADO/A (RN)

### RECIÉN NACIDO/A (RN)

Sexo RN1:    Peso: Apgar 1':    Apgar 5':    Apgar 10':    Ph Au:

Sexo RN2:    Peso: Apgar 1':    Apgar 5':    Apgar 10':    Ph Au:

Inicio da alimentación ás: \_\_\_\_\_ horas de vida.

Inicio de la alimentación a las: \_\_\_\_\_

Tipo de alimentación RN1:                    L.M.E.\*     L.M.P.\*     A.A.\*

Tipo de alimentación RN2:                    L.M.E.\*     L.M.P.\*     A.A.\*

Contacto pel con pel continuado posparto:    hora inicio:                    hora fin:

Observacións:  
Observaciones:

- \* **L.M.E.:** Lactación materna exclusiva (só leite materno; acéptanse vitaminas e medicamentos). / Lactancia materna exclusiva (sólo leche materna; se aceptan vitaminas y medicamentos).
- \* **L.M.P.:** Lactación materna parcial ou mixta (leite materno como principal fonte de alimento, auga, soro e leite de fórmula). / Lactancia materna parcial o mixta (leche materna como principal fonte de alimento, agua, suero o leite de fórmula).
- \* **A.A.:** Alimentación artificial (leite de fórmula). / Alimentación artificial (leche de fórmula).



## PUERPERIO HOSPITALARIO

Evolución, observacións:  
Evolución, observaciones:

Administración Anti-D posparto:  sí  non  sí  non data: lote:  
Administración Anti-D postparto fecha:

Administración Anti Rubéola:  sí  non  sí  non data: lote:  
Administración Anti Rubéola: fecha:

Prescripción de Ioduro potásico (200mcg/día):  sí  non  
Prescripción de Yoduro potásico  sí  non

Otros tratamentos:  
Otros tratamentos:

Tipo de alimentación RN1 á alta: L.M.E.\* L.M.P.\* A.A.\*  
Tipo de alimentación RN1 al alta:

Tipo de alimentación RN2 á alta: L.M.E.\* L.M.P.\* A.A.\*  
Tipo de alimentación RN2 al alta:

Observacións RN1/RN2:  
Observaciones RN1/RN2:

Obstetra:

DUE/Matrona:

C.I.P.:

C.I.P.:

## PUERPERIO EN ATENCIÓN PRIMARIA (NAI/MADRE)

Data 1ª. visita puerperio: Fecha 1ª. visita puerperio:	T.A.:	Peso:
Involución uterina:	Estrinximento: Estreñimiento:	<input type="checkbox"/> sí <input type="checkbox"/> non <input type="checkbox"/> sí <input type="checkbox"/> non
Loquios:	Molestias urinarias:	<input type="checkbox"/> sí <input type="checkbox"/> non <input type="checkbox"/> sí <input type="checkbox"/> non
Periné/cicatriz cesárea:	Estado anímico:	
Extremidades inferiores:	Información anticoncepción:	
Medicación:	Vacinas pendentes: Vacunas pendientes:	
Mamas:	Outros: Otros:	

## PUERPERIO EN ATENCIÓN PRIMARIA (RN)

Alimentación actual RN1: L.M.E. <input type="checkbox"/> L.M.P. <input type="checkbox"/> A.A. <input type="checkbox"/>	
Alimentación actual RN2: L.M.E. <input type="checkbox"/> L.M.P. <input type="checkbox"/> A.A. <input type="checkbox"/>	
Estado alerta/descanso RN1/RN2:	
Embigo RN1/RN2: Ombigo RN1/RN2:	
Ictericia RN1/RN2:	
Miccións, deposicións RN1/RN2: Micciones, deposiciones RN1/RN2:	
Peso RN1/RN2:	
Vacinas pendentes RN1/RN2: Vacunas pendientes RN1/RN2:	
Plan de cuidados durante o puerperio RN1/RN2: Plan de cuidados durante el puerperio RN1/RN2:	
Realizadas probas metabólicas RN1/RN2: Realizadas pruebas metabólicas RN1/RN2:	<input type="checkbox"/> sí <input type="checkbox"/> non <input type="checkbox"/> sí <input type="checkbox"/> non
Observacións: Observaciones: .....	

# INFORMACIÓN DE INTERESE

## Galego

## IMPORTANCIA DO CONTROL DO EMBARAZO

- A xestación é un proceso natural e constitúe unha etapa especial na vida dunha muller na que o organismo vai sufrir transformacións para adaptarse a unha nova situación.
- Durante o embarazo ofértanse unha serie de controis para comprobar que todo transcorre dentro da normalidade, para prever riscos ou detectar precozmente posibles anomalías, co fin de actuar o antes posible.
- Os coidados que se proporcionan durante o embarazo pretenden favorecer a saúde da nai e a do seu futuro fillo ou filla e, se ten dúbidas, consulte cun/cunha profesional da saúde.
- É importante que acuda aos controis prenatais aínda que se atope ben, xa que, ademais destes controis de saúde, se ofrece información sobre temas de interese como alimentación, exercicio, embarazo, parto, coidados do bebé, puerperio, etc.

## CONTROIS QUE CÓMPRE REALIZAR DURANTE O EMBARAZO

- Se todo evoluciona con normalidade, entre 6 e 8 controis prenatais abonda na maioría dos embarazos.
- Cada consulta ou control prenatal realízase nun momento concreto e cunha finalidade determinada. Faise un seguimento da evolución do embarazo, ofértanse análises (para detectar anemia, diabete, infección de urina), estudo da protección fronte enfermidades infecciosas (rubéola, hepatite B ou o VIH), cribado de anomalías conxénitas e probas complementarias como as ecografías. Nalgúns casos, se os/as profesionais o consideran necesario, poden solicitar outras probas (amniocentese ou citoloxía vaxinal).
- Todas as mulleres embarazadas deben facer unha consulta odontolóxica no primeiro trimestre do embarazo (véxase o programa de saúde bucodental en atención primaria da Consellería de Sanidade).

## CAMBIOS DURANTE O EMBARAZO:

- As mulleres embarazadas adoitan vivir o embarazo de maneira positiva e levan ben os cambios que se producen no seu corpo. É importante que a parella e o contorno reforcen este sentimento positivo para unha vivencia da maternidade con normalidade.
- Prodúcense cambios físicos: aumenta o volume e sensibilidade das mamas, aumenta o volume abdominal, cambia a forma de respirar, modifícase a postura da columna vertebral, aumenta a necesidade de ouriñar, hai unha maior sensibilidade aos cambios de temperatura ambiental, pode haber máis sono, cansazo, cambios no hábito de durmir, pode aparecer sensibilidade e sangrado das enxivas, cambras, varices, lumbalxias, adormecemento dos dedos, congestión nasal, manchas na cara (cloasma), ardores de estómago, etc. Todo isto é frecuente en moitas mulleres embarazadas.
- Tamén se experimentan cambios emocionais: pode ter sentimentos ambivalentes, sentimentos de alegría e optimismo, cambios de humor, medo, angustia, sensación de inseguridade e preocupación polo benestar do bebé. Ademais do apoio emocional da parella e/ou do contorno, ás veces pode ser preciso o consello profesional.
- Durante o embarazo pode facer vida normal. En ausencia de complicacións, recoméndase a práctica moderada de exercicio físico como pasear, camiñar ou nadar. A relaxación e a tranquilidade poden axudala a sentirse mellor. Desaconséllanse os deportes de risco.
- Recoméndase evitar os zapatos de tacón demasiado alto ou planos; son adecuados os de tacón de 2 a 3 cm.
- Se tén dúbidas, consulte co/a profesional que lle faga o seguimento e control prenatal.

## ALIMENTACIÓN E HÁBITOS DE VIDA SAUDABLE

• É bo que coma de todo, o máis variado e completo posible: verdura, froita, peixe (o de mar achega iodo), carne, legumes, alimentos ricos en calcio (peixe, mariscos, crustáceos, lácteos, legumes, verduras e hortalizas), fibra (legumes, verduras, hortalizas e froitas) e ferro (ameixas, berberechos, carnes vermellas, legumes).

• Condimente os alimentos con pouco sal e que este sexa iodado.

• Cociñe preferiblemente á grella, ao forno ou ao vapor.

• Recómendase reducir o consumo de graxas e hidratos de carbono (pan, arroz, pasta, galletas...) e evitar doces e substancias excitantes.

• Evite tamén o consumo de alcol, tabaco e outras drogas porque son prexudiciais para vostede e para o seu bebé.

• Recómendase repartir a inxesta de alimentos diaria en 5 comidas: almorzo, media mañá, xantar, merenda e cea.

• Coa inxestión da comida non se acadan as necesidades diarias dalgúns micronutrientes, polo que é preciso que inxira algún suplemento farmacolóxico, así que se ten pensado quedar embarazada, ou xa o está, debe tomar:

- Ácido fólico: para conseguir efectividade na prevención dos defectos do tubo neural aconséllase a súa administración polo menos un mes antes da xestación e durante o primeiro trimestre do embarazo, a unha dose de 0,4 mg/día. En mulleres que tiveron un fillo anterior con defectos do tubo neural, aconséllase unha dose de 4 mg/día.

- Ioduro potásico: 200 microgramos diarios, antes e durante todo o embarazo, así como durante o aleitamento.

• Evite tomar medicamentos sen indicación médica.

• Para consultar sobre cuestións relativas a causas, riscos, e prevención de defectos conxénitos, pode chamar gratuitamente ao Servizo de Información Telefónica á Embarazada (SITE): 913941589 de Madrid.

## EVITAR ENFERMIDADES INFECCIOSAS TRANSMISIBLES DURANTE O EMBARAZO

• Hai enfermidades infecciosas que, se afectan a muller durante o embarazo, poden ser graves para o feto, polo que convén evitar o seu contaxio.

• Se vostede non está vacinada nin padeceu a rubeola, evite o contacto con persoas enfermas desta doenza e vacínese despois do embarazo.

• Se vostede non está vacinada nin padeceu a varicela, evite o contacto con persoas enfermas desta doenza e se ten contacto debe consultalo co seu médico.

• Debe lavar as mans con auga e xabón, antes e despois de manipular alimentos crus, e cocer suficientemente os alimentos, sobre todo a carne, o polo, os ovos e o pescado.

• A toxoplasmose é unha enfermidade infecciosa producida polo *Toxoplasma gondii* que tamén afecta o feto se a muller se contaxia durante o embarazo. Para evitar contaxiarse, debe ter en conta unha serie de recomendacións durante o embarazo:

- Non comer carne crúa ou pouco cociñada, (incluído o friame e o embutido) ou ben conxelada durante máis de 24 h a -20° C.

- Lavar as mans e lavar as superficies e os utensilios de cociña despois de manipular carne crúa, verdura e froitas.

- Non inxerir verduras, hortalizas, herbas aromáticas nin vexetais crus sen lavalos a fondo con auga. Evitar o seu consumo fóra

da súa casa se non parece fiable a súa hixiene.

- Evitar o contacto con gatos e os seus excrementos (hai que limpar a diario o lugar no que fan as súas necesidades)
- Evitar traballos que poidan facilitar o contacto de material potencialmente contaminante (xardinería)

## EDUCACIÓN SANITARIA DE GRUPO PRE E POSNATAL

- Pregúntelle á matrona do seu centro de saúde sobre os cursos de educación maternal pre e posnatal. Trataranse temas interesantes sobre a evolución do embarazo, cómo coidarse, o parto, puerperio, lactación materna, coidados do bebé, masaxe infantil etc. que a poden axudar a mellorar a vivencia do embarazo e da maternidade. (máis información na guía técnica do proceso de educación maternal prenatal e posnatal: [http://www.sergas.es/MostrarContidos\\_N3\\_T02.aspx?IdPaxina=50019&uri=http://www.sergas.es/gal/muller/docs/PMG05.pdf&hifr=900&seccion=0](http://www.sergas.es/MostrarContidos_N3_T02.aspx?IdPaxina=50019&uri=http://www.sergas.es/gal/muller/docs/PMG05.pdf&hifr=900&seccion=0))

## PLAN DE PARTO/NACIMENTO

- É un documento que lle permite expresar, de forma anticipada, as súas preferencias en relación con algúns aspectos relacionados coa atención que lle gustaría recibir durante o parto/nacemento. Previamente á súa elaboración, o persoal sanitario proporcionaralle toda a información e asesoramento que requira. Pode revogalo en parte ou na súa totalidade durante o transcurso do parto.

## MOTIVOS POLOS QUE DEBE ACUDIR A URXENCIAS

- Vómitos persistentes, mareos, febre, dor intensa de cabeza, inchazón xeneralizada, dor ao orinar ou caídas

- Ausencia ou diminución brusca de movementos fetais (despois da semana 22 de xestación)

- Sangrado vaxinal, perdas de líquido pola vaxina ou rotura da bolsa das augas, dor abdominal ou contraccións que non ceden co repouso.

- No caso de que as augas sexan verdosas ou teña un sangrado vaxinal maior ca unha regra, debe acudir a urxencias o máis axiña posible, sen demora.

- No caso de que as contraccións non cedan co repouso, sexan regulares e cada vez máis fortes ou dolorosas durante polo menos unha hora (máis ou menos cada 5 minutos se é o primeiro parto, ou cada 10 se xa ten parido).

- Unha vez no hospital, comprobarán que vostede e o seu bebé están ben de saúde, e determinarán se pode regresar para a casa ou se hai motivo para quedar ingresada.

## PARTO E NACIMENTO

- No momento do parto, expréselle á matrona cales son as súas inquedanzas ou expectativas e como lle gustaría que se desenvolvesen o parto e o nacemento.

- A matrona controlará o benestar fetal mediante a monitorización, intermitente ou continua segundo sexa preciso, facilitando que se poida mover con liberdade. Consúltelle calquera dúbida.

- Evite permanecer deitada boca arriba; adopte a posición que lle resulte máis cómoda. As posicións verticais e a deambulación asócianse a un mellor benestar da muller, a un acurtamento da fase de dilatación e a expulsivos de menor duración.

- Pódense inxerir líquidos claros durante o parto: preferiblemente bebidas isotónicas (axudan a combater a cetose), tamén auga ou infusións. Hai que evitar os lácteos.

- Non son necesarias nin a lavativa nin o rasurado do períneo.
  - Durante o parto facilitarase que estea acompañada pola persoa que vostede elixa e que lle proporcione tranquilidade e seguridade. O apoio emocional continuado por parte da persoa acompañante e da matrona farán que se sinta segura e tranquila, o que facilita o progreso do parto e diminúe a necesidade de usar analxesia farmacolóxica.
  - Existen métodos para o alivio da dor non farmacolóxicos (masaxes, aplicación de bolsas de auga quente, baños/duchas de auga quente, infiltracións de auga destilada no rombo de Michaelis para o alivio da “dor de cadrís”, etc).
  - Existen métodos farmacolóxicos de alivio da dor que se poden combinar cos non farmacolóxicos (opioides intravenosos e intramusculares, inhalación de óxido nítrico e analxesia epidural), procurando usar a menor dose efectiva e que teña mínimos efectos adversos sobre a nai e o bebé.
  - Se no transcurso do traballo de parto algo se desvíaa da normalidade, logo de información por parte do persoal sanitario que atende, aplicaranse os coidados que sexan precisos para garantir a súa saúde e a do seu bebé.
  - Completada a dilatación do cérvix, espere a ter ganas de empuxar, faga puxos lentos, favorecendo así a integridade do períneo.
  - Inmediatamente tras o parto, os recentemente nados sans con aspecto vigoroso deben colocarse sobre o abdome ou o peito da nai e mantelos así “pel con pel” sen interrupcións, xa que os/as axudará a estabilizar as súas constantes, a establecer o vínculo afectivo, ao inicio da lactación e diminuírá o tempo de pranto. Este tempo non debería ser inferior a 50 minutos, sendo desexable que se prolongue ata os 120 minutos.
  - Cuando o estado de saúde da nai non permite o contacto pel con pel, ofrecerese a posibilidade de poñer o neonato sobre o peito espido do pai, parella ou acompañante.
  - A separación do recentemente nado da súa nai en salas “niño” dificulta a instauración e mantemento da lactación materna e están desaconselladas.
  - Hoxe en día, nai e fillo/a comparten o mesmo cuarto nas maternidades. Practicar o coleito facilita a instauración da lactación materna. O bebé pode durmir nun berce ao lado da cama (berce sidecar) ou na mesma cama da nai. Cómpre ter algunhas precaucións; pregunte aos/ás profesionais.
  - Se non consegue que o bebé mame na primeira hora de vida, pida consello ao persoal sanitario que está capacitado para axudala a conseguir unha lactación materna satisfactoria e exitosa.
- ### CHEGADA Á CASA
- Unha vez que lle dean a alta hospitalaria comeza un período de adaptación á maternidade.
  - O bebé precisa atención e coidados acotío. Procure descansar o máis que poida, aproveite os momentos de sono do bebé.
  - Nos primeiros días tras o parto pode sentir emocións e sentimentos contraditorios: falta de concentración, ansiedade, pranto, tristeza, cansazo, dificultade para desenvolverse co seu bebé, etc. Isto é normal.
  - A menstruación adoita regresar arredor das 6 ou 8 semanas despois do parto, pero lembre que coa lactación materna pode regresar máis tarde.
  - Cando decida reiniciar as relacións sexuais coitais, non esqueza usar un método anticonceptivo seguro se non desexa un novo embarazo.
  - Recoméndase realizar exercicios de recuperación do solo pélvico (exercicios de Kegel), abdominais transversos e oblicuos. Consulte co/coa profesional de referencia.

- Desaconséllase o uso de faixa porque dificulta a recuperación da musculatura do perineo.

- Todos os bebés e as súas nais deberían acudir á revisión puerperal ao seu centro de saúde antes das 72 horas tras a alta hospitalaria (3º./4º. día posparto se foi un parto vaxinal e o 5º./8º. día se foi unha cesárea).

- Se ten algunha dúbida coa lactación, consulte aos/ás profesionais sanitarios e/ou contacte cos grupos de apoio á lactación materna.

- Solicite información á súa matrona para realizar o curso de educación maternal posnatal.

- Debe acudir a urxencias no caso de febre superior a 38°C, sangrado excesivo pola vaxina, loquios fétidos, inflamación nas mamas, dor perineal, molestias ao orixar, dor intensa nas pernas ou dificultade ao respirar.

## COIDADOS DO BEBÉ

- Evite a exposición do bebé ao fume do tabaco. Se o bebé vive en ambiente de fumadores é un fumador pasivo, polo que adoita ter máis procesos catarrais e de infeccións das vías respiratorias. A lactación materna protexerá contra as infeccións respiratorias que lle provoca o tabaco.

- Despois do baño convén secar ben o embigo e mantelo limpo.

- Para o seu transporte en automóbil, lembre que é obrigatorio usar unha cadeira de seguridade que cumpra as normas de seguridade viaria.

- Os primeiros días, mentres a lactación materna non estea instaurada, procure que faga un mínimo de 8 tomas diarias.

- Recoméndase darlle de mamar a miúdo, “cando queira e canto queira”. Se o seu fillo ou filla mama correctamente e con frecuencia,

a cantidade de leite será a que precise en cada momento; procure estar nunha posición cómoda e nun ambiente tranquilo.

- Os bebés adoitan comezar a recuperar o peso do nacemento a partir da 1ª. semana.

- Recoméndase dar só leite ata os 6 meses e non comezar a ofrecer outros líquidos nin sólidos ata despois desta etapa. Dende os 6 meses ata o ano o leite segue sendo o principal alimento. Despois dos 6 meses de idade, déalle primeiro o peito e logo a alimentación complementaria. A Organización Mundial da Saúde recomenda continuar coa lactación materna ata os dous anos ou máis porque é beneficiosa para vostede e para o seu fillo ou filla.

- Lembre concertar cita co pediatra nos primeiros 7 días.

- Non esqueza que o bebé, para o seu óptimo desenvolvemento físico e psíquico, tamén precisa do contacto físico e visual dos seus pais e da súa familia.

## DETECCIÓN PRECOZ DE ENFERMIDADES ENDÓCRINAS E METABÓLICAS (PROBA DO TALÓN)

- As probas para a detección precoz de enfermidades metabólicas ofértase de forma sistemática e gratuíta a todos os nenos e nenas que nacen en Galicia, e permiten identificar de forma precoz diferentes enfermidades de orixe xenética ou conxénitas (p.e. hipotiroidismo conxénito) que están presentes no momento do nacemento aínda que non dean síntomas no neno ou nena acabados de nacer.

- A toma da mostra de sangue e de urina debe facerse a partir das 48 horas de vida e antes das 72 horas. Facelo máis tarde significa atrasar o diagnóstico e de ser o caso, o tratamento.

- Aínda que a proba que se realiza é sinxela, os riscos para o bebé, ao tomar a mostra de sangue punzando o seu talón, inclúen dor e un



posible pequeno hematoma no lugar da picada.

